



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA O DIA 31 DE MARZO DE 2011

ASISTENTES:

PRESIDENTE:

D. Melchor Roel Rivas (PSdG-PSOE)

VOCALIS:

D^a.María Loureiro García (PSdG-PSOE)
D. Rafael Fernández Amor (PSdG-PSOE)
D. Jesús Antonio Fernández Cal (PSdG-PSOE)
D^a.M^a.Isabel Rodríguez López(PSdG-PSOE)
D^a.M^a.Concepcion Toral Romero PSdG-PSOE)
D^a.Olga María Mendez Carro (PSdG-PSOE)
D. Vicente Hermida Rodríguez (PSdG-PSOE)
D^a.M^a del Carmen Gueimunde Gonzalez (PP)
D. Celestino V. García Paz (PP)
D. Guillermo Leal Arias (Membro non adscrito)
D. Juan José Pardo Gato (Membro non adscrito)
D. Jesús Fernández Fernández (Membro non adscrito)
D^a. Raquel Atadell Giz (Membro non adscrito)
D^a. Vanesa Rego Martínez (Membro non adscrito)
D. José Antonio Goás Basanta (BNG)
D. Orlando Expósito Mariño (EU)

SECRETARIA ACCTAL

D^a Fátima Moar Rivera

INTERVENTOR

D.Fidel García Martúl

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as vinte horas e trinta minutos do día trinta e un de marzo de dous mil once, reúnen-se, en primeira convocatoria, os Sres. Concelleiros citados anteriormente, ao obxecto de celebrar a sesión extraordinaria do Pleno, baixo a Presidencia do Sr.Alcalde, asistido de mín, a Secretario acctal do Concello quen certifica.



1º.- LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE 2009, DACION DE CONTA E ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN.

Dí o Alcalde que hoxe foi dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Economía e Facenda, previo informe do Sr. Interventor, as seguintes propostas que a continuación se relacionan na presente:

"Propostas da Alcaldía que copiada integramente di:

"Coa data de 24 de febreiro de 2011 foi aprobada, previo informe da intervención municipal, mediante resolución da Alcaldía a liquidación do orzamento do Concello de Viveiro correspondente ao ano 2009.

Resultando que no informe 59/2010 de intervención de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria da liquidación do orzamento Xeral para o ano 2009 e contas anuais de sociedades municipais, establécese na páxina 12 que se incorre en inestabilidade orzamentaria pero sen necesidade de elaboración do plan económico-financieiro de reequilibrio, indicando que copia de se u informe debe remitirse á Dirección Xeral de Coordinación Financiera con Entidades Locais en virtude do disposto no artigo 16.2 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenrolo da Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria.

Polo exposto é polo que solicito do Pleno Corporativo á adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Darse por enterados da aprobación por resolución da Alcaldía de 24 de febreiro de 2011, da liquidación do orzamento do Concello de Viveiro correspondente ao ano 2009.

Segundo.- Remitir copia da liquidación á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.

Terceiro.- Remitir copia do informe do Interventor 59/2010 de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria da liquidación do orzamento xeral para o ano 2009 e contas anuais de sociedades municipais, á Dirección Xeral de Política Financieira e Tesouro.

E o Pleno da Corporación dáse `ppr emteradp.

2º.- APROBACION INICIAL,SE PROCEDE, DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA PARA FACER FRONTE AO CUMPRIMENTO DO CONTRATO MIXTO DE OBRA, SUBMINISTRO E SERVIZO PARA A INSTALACIÓN DUNHA CALDEIRA DE BIOMASA NA INSTALACIÓN DA PISCINA MUNICIPAL

Seguidamente o Sr. Alcalde pasa a dar conta ao Pleno Corporativo da moción da Alcaldía que dí:



"O Pleno extraordinario de 11 de novembro de 2010 aprobou o expediente de contratación da obra, suministro e servizos para a instalación dunha caldeira de biomasa nas instalacións da piscina municipal.

Dí o Alcalde que hoxe foi dictaminada favorablemente na Comisión Informativa de Facenda, esta proposta de aprobación inicial de modificación orzamentaria para facer fronte ao cumprimento do contrato mixto de obra, subministro e servizo para a instalación dunha caldeira de biomasa nas instalacións da piscina municipal e vaise a empezar a consumir a enerxía polo que é preciso un suplemento de crédito de CINCUENTA E SEIS MIL EUROS (56.000 EUROS), pero desta maneira, continúa o Alcalde, temos garantizado un aforro do 24% os primeiros dez anos e despois aforraráse un 65% a partir do ano doce.

Para a realización de ditos fines, é necesario o incremento do presuposto de gastos, non existindo consignación presupuestaria na vinculación xurídica correspondente po los importes que se indican:

Partida	Descripción	Importe
342.623	Instalaciones Técnicas	9.525,89€
342.622	Edificios	17.841,17
342.356	Intereses	4.940,79€
342.22103	Combustibles	12.482,06
342.22799	Otro trabajos realizados por empresas	11.421,84€
total		56.211,75€

Los fondos necesarios para financiar esta operación se obtienen:

Con baixas desde as partidas que a continuación se relacionan:

Partida	Descripción	Importe
170.440	Aportación de Capital aparcamientos a mariña SL	48.852,67€
440.740	Aportaciones de Capital Sociedad Turviveiro SL	1.252,49€
150.770	Transferencias a comunidades vecinales	6.106.59€
TOTAL		56.211,75 €

As indicadas partidas corresponden a proyectos de gastos que ,ben non é necesaria a súa execución, ben poden ser reducidos o seus importes dado que a evolución do exercizo e a execución dos proyectos e partidas permite disminuir os importes indicados sen perturbación o mesma no correspondente ao servizo.

Por tanto, pola presente ordeno:



INCOAR: o correspondente expediente de modificación de créditos mediante crédito extraordinario núm 9/2011 co seguinte desglose:

Partidas que incrementa			Partidas que diminuye	
Partida	Descripción	Importe	Partida	Descripción
342.623	INSTALACIONES TECNICAS	9.525,89€	170.440	Aportación Capital APARCAMIENTOS A MARIÑA
342.622	EDIFICIOS	17.841,17	440.740	APORTACIONES DE CAPITAL SOCIEDAD TURVIVEIRO SL
342.356	INTERESES	4.940,79	150.770	TRANSFERENCIAS COMUNIDADES VECINAIS
342.22103	COMBUSTIBLES	12.482,06		
342.22799	OTROS TRABAJOS REALIZADOS POR EMPRESAS	11.421,84€		
TOTAL		56.211,75€	56.211,75€	

Tendo en conta o informe FAVORABLE do Sr.Interventor de data 28.03.2011.

Sr.Alcalde-Presidente somete o asunto a votación ordinaria co seguinte resultado:

Votos a favor: desásete(17)

Votos en contra: ningún

Abstencións: Ningunha

Á vista do resultado, o Pleno da Corporación, por UNANIMIDADE, de todos os Sres.Concelleiros que ,de dereito a constitúen, acorda:

PRIMEIRO.-Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm 9/2011 correspondente a crédito extraordinario entre partidas do presuposto de gastos, co seguinte desglose:

Partidas que incrementa			Partidas que diminuye	
Partida	Descripción	Importe	Partida	Descripción
342.623	INSTALACIONES TECNICAS	9.525,89€	170.440	Aportación Capital APARCAMIENTOS A MARIÑA
342.622	EDIFICIOS	17.841,17	440.740	APORTACIONES DE CAPITAL SO-



				CIEDAD TURVI-VEIRO SL
342.356	INTERESES	4.940,79	150.770 6.106,59€	TRANSFERENCIAS COMUNIDADES VECINAIS
342.22103	COMBUSTIBLES	12.482,06		
342.22799	OTROS TRABAJOS REALIZADOS POR EMPRESAS	11.421,84€		
TOTAL		56.211,75€	56.211,75€	

SEGUNDO.-EXPOÑER ao público, previo anuncio no boletín oficial da provincia, por espazo de 15 días o citado expediente, durant os cales os interesados poderán examínelo e presentar reclamacións ante o Pleno.Considérase definitivamente aprobado si durante o citado prazo non se houbera presentado reclamacións.

3º.- APROBACION INICIAL SE PROCEDE DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA PARA ATENDER A GASTOS DE AFECTADO DO BARRIO DO CELEIRIÑO

Dí o Sr.Alcalde que hoxe foi dictaminada favorablemente pola Comisión informativa de Facenda, esta proposta da Alcaldía de aprobación inicial se procede de modificación orzamentaria para atender a gastos de alugueres vivendas dos afectados do barrio do Celeiriño.Continúa dicindo o Sr.Alcalde que todos os Grupos Políticos debido ao problema do Celeiriño, estivemos dacordo en que habería que buscar unha solución ata que se pedirán explicacións ós representantes da empresa.

Para a realización de ditos fines, é necesario incoar o correspondiente expediente de modificación de créditos mediante crédito extraordinario núm 8/2011 co seguinte desglose:

Partidas que incrementa		Partidas que diminuyen		
Partida	Descripción	Importe	Partida	Descripción
152.489	VIVIENDAS. OTRAS	42.000€	33003.22609	GASTOS DIVERSOS EN FESTEJOS POPULARES
	TRANSFERENCIAS AFECTADOS DEL CELEIRIÑO			



Tendo en conta o informe FAVORABLE do Sr. Interventor de data 27.01.2011.

Sr. Alcalde-Presidente somete o asunto a votación ordinaria co seguinte resultado:

Votos a favor: dezásete(17)

Votos en contra: ningún

Abstencións: Ningunha

Á vista do resultado, o Pleno da Corporación, por UNANIMIDADE, de todos os Sres. Concelleiros que, de dereito a constitúen, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobación inicial, se procede, de modificación de créditos núm 03/2011 correspondente a crédito extraordinario ente partidas do presuposto de gastos, co o seguinte desglose:

Partidas que incrementa			Partidas que diminuyen	
Partida	Descripción	Importe	Partida	Descripción
152.489	VIVIENDAS. OTRAS	42.000€	33003.22609	GASTOS DIVERSOS EN FESTE- JOS POPU- LARES
	TRANSFERENCIAS AFECTADOS DEL CELEIRIÑO			

SEGUNDO.- Abrir un período de información pública por espacio de quince días mediante a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, para a presentación de reclamacións e suxerencias. Rematado o período de información pública, no caso de que non se presentase ningunha reclamación ou suxerencia, entenderáse definitivamente aprobada a modificación.

4º.- APROBACION SE PROCEDE, DE MODIFICACIÓN DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIVEIRO E A XUNTA DE COFRADÍAS DA SEMANA SANTA DE VIVEIRO.

O Sr. Alcalde-Presidente ven en presentar a seguinte moción que, textualmente, dí:



"O 18 de febreiro de 2010 firmouse un convenio de colaboración entre o Concello de Viveiro e a Xunta de Confrarías da Semana Santa de Viveiro para os anos 2010 e 2011, na cláusula segunda do devandito convenio sinálase que:

"En reciprocidade, a entidade beneficiaria comprométese a:

- Colaborar, apoiar, asesorar, contribuir economicamente e copatrocinar ás confrarias e irmandades asociadas en cantas actividades e actos fagan istas.
- Anualmente a Xunta de Confrarias deberá facilitar ó Concello unha relación das confratrías e irmandades asociadas c número de mebros e cal foi a colaboración económica que se lls pestou a cada unha.
- Facer consta-la colaboración do Concelo de Viveiro en toda a propganda anunciadora das súas actividades. A propaganda será obrigatoriamente en lingua galega."

O 24 de marzo de 2011, mediante rexistro de entrada núm 2383, a Xunta de Confrarias da Semana Santa presentou nesta Alcaldía un escrito solicitando a rectificación de clausula referida para que a publicidade poida realizarse en calquera das linguas oficiais de Galicia, argumentando que parte desta publicidade, como poden ser os libros de promoción, é distribuída por todo o territorio nacional.

Por todo isto, solicto ao Pleno do Concello de Viveiro a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO: Modificar a cláusula 2 parágrafo 2 do convenio de colaboración entre o Concello de Viveiro e a Xunta de Confrarias da Semana Santa, asinado en data 18 de febreiro de 2011, para que quede redactado da seguinte modo:

"Facer consta-la colaboración do Concello de Viveiro en toda a propaganda anunciadora das súas actividades. A propaganda poderase facer en calquera das linguas oficiais da nosa comunidade autónoma".

SEGUNDO.-Dar traslado do presente acordo á Xunta de Confrarias da Semana Santa e aos Departamentos Municipais que correspondan.-Viveiro 24 de marzo de 2011.-O Alcalde."

Polo Sr. Alcalde-Presidente ábrese o turno de Intervencións e ven en aclarar ao Pleno corporativo que esta Moción faise porque houbo un reparo suspensivo do Sr. Interventor para que toda a publicidade sexa en galego de conformidade co establecido no convenio asinado, pero fai fincapé en que outros anos non había reparos e pagábase a subvención.

Para rematar o Sr. Alcalde dí que hai unha emenda do concelleiro do BNG, D. José Antonio Goas Basanta quén dí que a propaganda se faiga solo en galego" cando se refire ao ámbito de Galicia.



Retoma a palabra o Sr. Alcalde que ven en propoñer ao Pleno corporativo que si están conformes á proposta da Alcaldía coa emenda do Concelleiro do BNG.

Seguidamente, intervén o Concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, que dí que non está dacordo coa emenda do BNG, xa que o Parlamento de Galicia aprobou o bilingüismo en Galicia, é decir Castelan e Galego e non sabe o que quer decir o Sr. José Antonio Goas cando dí que si a propaganda da Semana Santa vai para aquí, en galego: si vai para alá en castelán, como non entendo ao Concelleiro do BNG do que quer dicir, vai votar abstención.

Finalizado o debate, o Sr. Alcalde-Presidente somete o asunto a votación ordinaria co seguinte resultado:

Votos a favor (dezaseis) 16 dos concelleiros (8) do PSdG-PSOE, (2) do P.P., 1(BNG) 5 (partido non adscrito).

Abstencións: Unha do concelleiro de E.U.

Sometido a votación, o Pleno da Corporación, por Maioría de dezaseis votos a favor e unha abstención, acorda aprobar a moción presentada polo Sr. Alcalde-Presidente coa emenda do Concelleiro do BNG, Sr. José Antonio Goas Basanta quedando redactada a proposta da Alcaldía coa emenda da seguinte forma:

PRIMEIRO.- Facer constar a colaboración do Concello de Viveiro en toda a propaganda anunciadora das súas actividades. A propaganda será en Galego si vai para Galicia e poderase facer en calquera das linguas oficiais da nosa comunidade autónoma cando vaia fora de Galicia.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á Xunta de Confrarias da Semana Santa e aos Departamentos Municipais de Cultura e Servizos económicos.

5º.-MOCIONS DO CONCELLEIRO NON ADSCRITO, D.GUILLERMO LEAL ARIAS,RELATIVAS A:

1.1.-MATADOIRO MUNICIPAL

Polo Sr. Concelleiro asinante da moción, procede a dar lectura íntegra dadesma que, textualmente, dí:

“O Concelleiro abaixo firmante, Guillermo Leal Arias, portavoz-representante do GRUPO DE CONCELLEIROS NON ADSCRITOS NO CONCELLO DE VIVEIRO,

EXPON:

Que ao amparo do disposto no art. 35 da LEI DE PROCEDIMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN; no art. 77 da LEI REGULADORA DE BASES DE RÉXIME LOCAL, LEI 7/1985 de 2 de abril; no texto refundido das disposicións legais vi-



gentes en materia de réxime local aprobado por R.D. 781 7 86, de 18 de abril e dos atrs. 14, 15 e 16 do reglamento de organización, funcionamento e réxime xurídico da entidades locais, aprobado por R.D. 2568/86, de 28 de novembro e demais normativa legal procedente e que resulte aplicable, presenta a seguinte:

MOCIÓN

SOBRE O MATADOIRO MUNICIPAL

Que dado o estado lamentable e falta de mantemento, en que se encontran estas instalacións, totalmente deterioradas, e que incluso producen olores desagradables aos veciños da zona e todos aqueles que transitan polas inmediacións.

Ademáis, das condicións en que traballa o persoal que alí fai a súa labor diaria.

Por todo o anteriormente exposto, o noso grupo municipal **SOLICITA**, a aprobación por parte do Pleno Municipal do Concello dos seguintes puntos:

- 1.- Convocar aos usuarios e concesionario deste servizo, para ver as carencias que son necesarias levar a cabo nas citadas instalacións.
- 2.- Facer as xestións oportunas ante as distintas administracións para poder levar a cabo unha remodelación das instalacións e poñelas en condicións para o desenvolvemento da actividade."

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que van a apoiar esta proposta, dí que lle parece lóxica esta proposta engadindo unha cláusula ou tercer punto para unha revisión da concesión administrativa, o matadoiro aino que facer novo, xa que a piscina houbo que reformala...o matadoiro aino que facer novo, remata dicindo....

Intervén a voceiro do P.P. D. Celestino V.García Paz, que dí que o matadoiro é do ano 1993 e que son unhas instalacións que necesitan un mantemento pero que está conforme coa moción é que vai apoiala.

Intervén o concelleiro do BNG, Sr. José Antonio Goas Ladra e dí que vai apoiar esta proposta xa que é necesario para Viveiro un matadoiro en condicións.

Seguidamente intervén o concelleiro de IU-Eu, D. Orlando Expósito Mariño, e dí que os vertidos ao río xa foron denunciados hai moito tempo e todo



segue da mesma maneira; polo que agradece a proposta do Voceiro do Grupo non adscrito, Sr. Leal e vou votar a favor.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda aprobar a moción presentada por Don Guillermo Leal Arias relativa ao Matadoiro Municipal coa enmenda do Sr. Alcalde e engadir á proposta outro punto da Revisión da concesión administrativa.

1.2.- RENUMERACION DE RUAS E LUGARES EN DIFERENTES PUNTOS DO CONCELLO.

Polo Sr. Concelleiro asinante da moción, procede a dar lectura íntegra da mesma que, textualmente, dí:

“O Concelleiro abaixo firmante, Guillermo Leal Arias, portavoz-representante do GRUPO DE CONCELEIROS NON ADSCRITOS NO CONCELLO DE VIVEIRO,
EXPÓN:

Que ao amparo do disposto no art. 35 da LEI DE PROCEDIMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN; no art. 77 da LEI REGULADORA DE BASES DE RÉXIME LOCAL, LEI 7/1985 de 2 de abril; no texto refundido das disposicións legais vigentes en materia de réxime local aprobado por R.D. 781/86, de 18 de abril e dos arts. 14, 15 e 16 do reglamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por R.D. 2568/86, de 28 de novembro e demais normativa legal procedente e que resulte aplicable, presenta a seguinte:

MOCION:

TITULO: RENUMERACION DE CALLES E LUGARES EN DIFERENTES PUNTOS DO CONCELLO

O pasado ano o INE (Instituto Nacional de estadística) requireu ás corporacións locais para o cumprimento do R.D. 2612/1996 de 20 de Decembro relativo á revisión da planimetría dos municipios, á renumeración de edificios e tamén á rotulación de vías e entidades. É certo que dende o concello de Viveiro cambiouse e tamén se puxeron novos, non fai moito tempo as sinais dos lugares, burgos, calles, etc. si ben quedou a asignatura pendente da renumeración dalgun deles por mor da nova construción de edificios ou vivendas, ou tamen o nome de varias calles pero que non se renumeraron de novo, e así en zonas como Sacido e Cruz en Covas, a Capela e Outeiro en Magazos, Outeiro e Casanova en Celeiro ou tamén na zona de Xunqueira-Verxeles, teñen bastantes



problemas coas súas direccións, xa que en moitos casos os números das vivendas non van correlativos, e por lo que, por parte dos Concelleiros Non Adscritos neste Concello de Viveiro, consideramos que se deben de revisar as numeracións de rúas, burgos e lugares para que os cidadáns non teñan problema algún a hora de recibir a súa correspondencia e por eso propoñemos á aprobación por parte do Pleno da Corporación Municipal:

Renumerar as rúas, lugares e burgos sinalados, a maior brevidade.”

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que van a apoiar esta proposta, pero non a maior brevidade xa que leva o seu tempo; aínda que renumerar, articular, financiar e levala a cabo, xa sabemos que aí moitos problemas nos números das casas e fincas pero parte do traballo xa está feito e desde o ano 2005, que se fixo a toponimia e numeracións. Dí que hai delineantes contratados que a partir do mes de maio sí poden facer o traballo técnico para despois poder facer o traballo de campo. Sin moito apuro vamos a votar a favor da proposta, remata.

Intervén o D. Celestino V. García Paz, Concelleiro do P.P., quen dí que vai votar a favor da moción de renumeración de rúas e de edificios xa que hai moitas confusións e duplicados de números e considera unha medida acertada ampliála a outras zonas.

Intervén o Sr. Goás Basanta, concelleiro do BNG, quen dí que está conforme coa revisión mais ampla da renumeración de rúas e lugares e vai votar a favor.

Intervén o Sr. Expósito Mariño, concelleiro de IU-EU, quen dí que está de acordo e que é certo que se veñen dando problemas cos números e coas rúas. Tamén aproveita para dicir que hai nomes que se puxeron ás rúas e que non teñen o letreiro nin se lles comunicou estas propostas ós familiares.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda aprobar a moción presentada por D. Jesús Fernández Fernández, concelleiro do Grupo non adscrito e relativa á renumeración de rúas e lugares en diferentes puntos do concello.

1.3.-AMPLIACION DO HOSPITAL DA COSTA.

Polo Sr. Concelleiro asinante da moción, procede a dar lectura íntegra da mesma que, textualmente, dí:



"O Concelleiro abaixo firmante, Guillermo Leal Arias, portavoz-representante do GRUPO DE CONCELEIROS NON ADSCRITOS NO CONCELLO DE VIVEIRO,

EXPON:

Que ao amparo do disposto no art. 35 da LEI DE PROCEDIMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN; no art. 77 da LEI REGULADORA DE BASES DE RÉXIME LOCAL, LEI 7/1985 de 2 de abril; no texto refundido das disposicións legais vigentes en materia de réxime local aprobado por R.D. 781 7 86, de 18 de abril e dos atrs. 14, 15 e 16 do reglamento de organización, funcionamento e réxime xurídico da entidades locais, aprobado por R.D. 2568/86, de 28 de novembro e demais normativa legal procedente e que resulte aplicable, realiza a seguinte:

MOCIÓN

SOBRE A SOLICITEDE DA AMPLIACIÓN DO HOSPITAL DA COSTA.

Que todos os que vivimos na Mariña somos coñecedores de que o Hospital da Costa quedouse pequeno para tratar a tontos veciños, aumentándose no tempo as listas de espera para diversos tratamentos, rehabilitacións, etc.

Por todo o anteriormente exposto, o noso grupo municipal **SOLICITA**, a aprobación por parte do Pleno Municipal do Concello do seguinte punto:

Dirixirse a todos os Concellos da Mariña, para en conxunto, solicitar da Administración unha AMPLIACIÓN DO HOSPITAL, previo estudio das carencias existentes e das melloras que debían acadarse."

Intervén o Sr. Leal Arias quen dí que hai que solicitar con todos os Concellos da Mariña para que se faiga un estudo das deficiencias e necesidades do Hospital da Costa

Seguidamente intervén Sr.Rafael Fernández Amor do PsdG-PSOE, quen manifesta que todos etamos encontrándonos con sorpresas, hai descoordinación do persoal e tamen listas de espera. Observase que non se están invirtindo cartos no Hospital da Costa en relación con tantas necesidades que ten a Mariña.Remata dicindo que hai que solicitar mais inversións para cubrir as necesidades e incluso con presións, si é o caso.

Intervén a concelleiro do P.P.D^a.M^a.Carmen Gueimunde Vila, quen manifesta que todos temos moitas anécdotas que contar do Hospital da Costa é que persoalmente non quer lembrarse de algúns acontecementos e independentemente de que esteña o PP ou quen sexa, temos que ter en conta que es-



tes servizos non se poden perder e aínda que están invirtendo nalgunhas plantas e noutras non polo que se crea desorganización. Para rematar quero esperar a garantía do Presidente da Xunta de Galicia, Sr. Feijoo que se comprometeu a ampliar o hospital da Costa.

Intervén o concelleiro do BNG, Sr. José Antonio Goás Basanta, que dí que eles presentaron unha moción xa que pola anterior Consellería de Sanidade tiña previsto ampliar o Hospital da Costa e ambulatorios, sendo un compromiso moi alegre que así foi a situación cada vez a peor. Por eso estou conforme coa moción e vou votar a favor a pesar de que este grupo que a presenta abstúvose cando a presentamos nos.

Seguidamente intervén o concelleiro de E.U. Sr. Orland Expósito Mariño, quen dí que lémbrese sempre de ter bo trato do persoal do Hospital da Costa, pero desde outubro do 2009, estou pendiente dunha revisión en traumatoloxía é aínda queda pendiente ata o mes de maio do 2011. Dámonos conta de que non se da feito, o persoal non pode máis é todo porque hai recortes, hai falta de cartos, engade. Sempre tiveron bo trato por parte do persoal pero tamen lembro que eu fún un dos que encabecei a manifestación par que se levara a cabo a construción do hospital da costa, motivo este, para defendelo e que a Mariña teña un hospital con servizos e bo funcionamento.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda aprobar a moción presentada por D. Guillermo Leal Arias, Membro non adscrito, e relativa ás carencias do Hospital da Costa e á súa ampliación.

1.4. MOCION PARA A INSTALACIÓN DUNHA DELEGACIÓN DE CATASTRO EN VIVEIRO PARA TODA A MARIÑA.

Polo Sr. Concelleiro asinante da moción, procede a dar lectura íntegra da mesma que, textualmente, dí:

“O Concelleiro abaixo firmante, Guillermo Leal Arias, portavoz-representante do GRUPO DE CONCELLEIROS NON ADSCRITOS NO CONCELLO DE VIVEIRO,

EXPON:

Que ao amparo do disposto no art. 35 da LEI DE PROCEDIMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN; no art. 77 da LEI REGULADORA DE BASES DE RÉXIME LOCAL, LEI 7/1985 de 2 de abril; no texto refundido das disposicións legais vigentes en materia de réxime local aprobado por R.D. 781 7 86, de 18 de abril e dos arts. 14, 15 e 16 do reglamento de organización, funcionamento e réxime xurídico da entidades locais, aprobado por R.D. 2568/86, de 28 de novembro e demais normativa legal procedente e que resulte aplicable, realiza a seguinte:



MOCIÓN

SOBRE A SOLICITUDE DE INSTALACIÓN DUNHA DELEGACIÓN DE CATASTRO EN VIVEIRO PARA TODA A MARIÑA.

Aínda que no Concello de Viveiro, se poden realizar diversos trámites en relación con modificacións catastrais, en moitos casos, simplemente actúa como un mero recibidor de datos que se resolven en Lugo, que é onde está a Xerencia Territorial.

Que o Concello de Viveiro, está dotado de persoal cualificado, medios informáticos, instalacións etc., para levar a cabo estes traballos.

Por todo anteriormente exposto, o noso grupo municipal **SOLICITA**, a aprobación por parte do Pleno Municipal do Concello, do seguinte punto:

Xestionar diante da XERENCIA TERRITORIAL DO CATASTRO, a instalación en Viveiro dunha delegación da mesma, que dea cobertura a toda A Mariña."

Seguidamente intervén o Sr.Leal e dí que gratuítamént e polo Concello de Viveiro se está xestionando asuntos do catastro e dos concellos de Vicedo, Xove, Oural, polo que esta xerencia ten que ter a deferencia con Viveiro de conceder e implantar a xerencia da mariña en Viveiro.

Intervén o Sr.Alcalde e dí que xa no ano 2004 se conseguiu que Viveiro fixera estes trámites gratuítos.Hai que loitar pola xerencia da mariña en Viveiro e que non veñan coa media xeográfica senon co volumen de xestión..

Intervén a concelleira do PP, Sr^a.M.Carmen Gueimunde Vila, quén dí que está a favor da oficina de este tipo para poder atender a demanda existente.

O Sr.Alcalde interrompe para aclarar que estes gastos da Xerencia sería pola súa contan e terían que traer e dotar a oficina co seu persoal.

Intervén o concelleiro portavoz do Grupo municipal do BNG, quén manifesta a conformidade á Xerencia.

Seguidamente o concelleiro portavoz do Grupo municipal de E.U., que dí que sí, á moción presentada polo membro do Grupo non adscrito.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda aprobar a moción presentada por D.Guillermo Leal Arias, Membro do Grupo non adscrito.



6º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP, SOBRE OS ORZAMENTOS XERAIS DO CONCELLO.

Pola Concelleira, portavoz do Grupo Municipal do PP, Dona María do Carmen Gueimunde González, fai ao Sr. Alcalde as seguintes preguntas:

"M^a. del Carmen Gueimunde González, Portavoz del Grupo Popular Municipal del Ayuntamiento de Viveiro. En base al Artículo 97.7 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales (R.D. 2.568/1986, de 28 de noviembre), se formula la siguiente pregunta:

Toda administración que se precie elabora con tiempo, rigor y cautela y antes de terminar el ejercicio, unos **presupuestos** que guiarán su actuación en el año siguiente a su confección, lo que supone la garantía de no tener que recurrir a una mala consejera improvisación. Puesto que esta anómala situación persiste, el Grupo Popular Municipal de Viveiro formula al Sr. Alcalde las siguientes preguntas:

1^a.- ¿Someterá el alcalde a pleno la aprobación de los presupuestos del 2011?-

2^a.- ¿Qué explicación tiene el Sr. Alcalde, para justificar la inexistencia de los mismos ni en el presente ejercicio ni en los anteriores?.

3^o.- ¿Cuál es la deuda viva municipal a 31 de diciembre de 2010, tanto a entidades crediticias como a proveedores?."

1º.- Así mesmo por parte do Sr. Alcalde contéstase que o establecido pola Lei é que o Alcalde debe someter ao Pleno a aprobación do presuposto do 2011.

2º.-Respecto á segunda pregunta, sinálase polo Sr. Alcalde que según lle informan desde o servizos municipais, non se deu feito o Orzamento por moitos problemas administrativos e económicos, pero temos inversións e subvencións da Diputacións do Pos e do IGVS que non se terían noutro caso. Se houbera presuposto non teríamos esas inversión.

3º.-O Sr. Alcalde contéstalle que o Alcalde do Concello de Viveiro ,ten que dicir, que este Alcalde non ten presuposto, nin dietas, nin indemnizacións desde o ano 2004.

Engade que se está a pagar sentenzas e fallos de gastos a provedores, dos que nos non tivemos culpa e claro que voy a dar a deuda viva municipal e tamén o que tivemos que pagar en préstamos bancarios. Sobre a deuda viva vou a contestar e facer entrega de etapas anteriores, remata dicindo.

7º.- MOCION DA ALCALDÍA, SOBRE AS OBRAS DE EMERXENCIA A REALIZAR POLA XUNTA DE GALICIA PARA A REPARACIÓN DOS DANOS OCACIONADOS POLAS CHOIVAS ACAECIDAS EN XUÑO DE 2010



Intervén o Sr. Alcalde dando conta da súa moción que, transcrita, literalmente, dí:

"De todos é sabido os diferentes danos ocasionados no mes de xuño de 2010 no Concello de Viveiro polas choivas e que de aí saíron dous compromisos claros para reparación dos danos ocasionados, por parte da Deputación co-laorar cos concellos mediante o arranxo de pistas que foi cumprido por dita Administración co creces, e por parte de Augas de Galicia facerse cargo de diferentes danos ocasionados que non foron aínda cumpridos por dita administración. No mes de setembro de 2010 despois de reunións con técnicos do Concello e o Teniente de Alcalde de obras comprometéronse a que nese mesmo mes licitaríanse as obras que quedaron por executar, e despois queno mes de novembro e así de mes en mes ata estas datas, seguen sen arranxar pistas e camiños de vital importancia paa o Concello de Viveiro, entre elas a destacar as seguintes:

- Camiño Cuiña no límite co Concello de Xove.
- Camiño Magazos-Fontecova-Barbeito (neste caso ante a tardanza e ao estar impracticable a maior parte do seu recorrido foi bacheado pola Deputación).
- Camiño Ramdamil
- Camiño das Nogueiras (a metade da actuación xa foi aglomerada pola Deputación)
- Camiño Pallaregas-Vieiro, etc.

Todo elo cun custo de 63.309,48 Euros.

Se a isto tamén lle engadimos que aínda non se cupriu o Convenio do PEIM, Convenio Rural por un valor de 25.000 euros para as pistas de Nogarido-Allares-Piñeiro e a subida a Tarabellos na parroquia de Chavín, vese con claridade o abandono da Xunta de Galicia co medio rural de Viveiro.

Tendo en conta que os danos ocasionados polas choivas de xuño de 2010 foron declarados obras de emerxencia e aínda están sen executar, este Pleno Municipal:

ACORDA :

Instar á Xunta de Galicia e polo tanto a Augas de Galicia para que executen de verdade e de maneira inmediata estas obras que eeran de emerxencia, e non se cumpriu nen coa a emerxencia nen coa execución das obras."

Aberta A quenda de intervencións, prodúcense as seguintes.



A da Concelleira, Voceira do PP, D^a. María del Carmen Gueimunde González, que manifesta que as obras de emerxencia a realizar pola Xunta de Galicia, para a reparación dos danos ocasionados polas choivas acaecidas en xuño de 2010, é verdade que non se cumpríu o compromiso, xa que posta á fala e despois de consultar coa Consellería correspondente, contéstaselle que por Medio Rural se adxudicarán as obras mañá; polo que se interesa que non haxa máis demora.

A do Concelleiro do BNG, D. José Antonio Goás Basanta, faise constar que xa vemos que as obras de emerxencia a realizar pola Xunta, de urxencia non teñen nada e, polo tanto, van a votar a favor da moción.

A seguir, intervén o Concelleiro do grupo non adscrito, D. Guillermo Leal Arias, que dí que cren que hai falta de consideración cos veciños que levan máis de nove meses transitando polos camiños intransitables, en mal estado polas choivas, mentras que os técnicos van polas autovías ou autopistas; no caso de que se vaian aprobar as obras, xa se podían aprobar tamén as de 2011, debido aos retrasos que acostuma ter a Xunta de Galicia.

Remata o Sr. Alcalde, alegando que espera que se cumpra, polo menos, o compromiso con Augas de Galicia, que eran obras de emerxencia, a realizar pola Xunta.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á moción da Alcaldía.

8º.-PROPOSTA DO CONCELLEIRO NON ADSCRITO, D.GUILLERMO LEAL ARIAS, SOBRE CAMBIO DA PORTA DO CONCELLO

Intervén o Sr. Leal Arias xustificando a presentación da moción que, transcrita, literalmente, dí:

“O Concelleiro abaixo firmante, Guillermo Leal Arias, portavoz-representante do GRUPO DE CONCELLEIROS NON ADSCRITOS NO CONCELLO DE VIVEIRO,
EXPÓN:

Que ao amparo do disposto no art. 35 da LEI DE PROCEDIMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN; no art. 77 da LEI REGULADORA DE BASES DE RÉXIME LOCAL, LEI 7/1985 de 2 de abril; no texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por R.D. 781 7 86, de 18 de abril e dos atrs. 14, 15 e 16 do reglamento de organización, funcionamento e réxime xurídico da entidades locais, aprobado por R.D. 2568/86, de 28 de novembro e demais normativa legal procedente e que resulte aplicable, presenta a seguinte:

PROPOSTA:



CAMBIO DA PORTA DO CONCELLO.-

Temos queixas de varios traballadores do concello das correntes de frio que entran cando deixan a porta principal aberta. Isto é debido á altura do interior do edificio e así mesmo a que ás oficinas son abertas o que provoca un clima de traballo con moito frio. Así mesmo consideramos que se está desperdiciando a calor dos radiadores da calefacción debido a esas correntes, co conseguinte gasto inútil de enerxía.

Por elo proponemos preguntamos o equipo de goberno ¿si se vai tomar algunha medida para solucionar este tema?.

Nós propoñemos duas alternativas.

1ª Sustituir a actual porta de entrada ao concello por unha porta de corredeira automática, con célula que tan so se abriría cando entrase ou saise alguén.

2ª Deixar a porta actual como está, e poñer un pequeno hall acristalado pola parte da esquerda e por arriba, e colocar outra porta entre a columna e a parede contigua a sala multiusos."

Responde o Sr.Alcalde que ve ben unha porta corredeira como a da praza de Abastos, así como cambiar a pechadura que está posta abaixo é resulta moi incómoda. Continúa dicindo que hai que facer un proxecto polos técnicos e un presuposto.

Seguidamente intervén a Concelleira do PP, D^a. M^a.Carmen Gueimunde González que dí que lle parece máis acertada a segunda proposta e que hai que contar cun proxecto e un presuposto redactado polos técnicos.

Intervén o Concelleiro do BNG, D. José Antonio Goás Basanta que dí que sexan os técnicos os que dián a solución.

Seguidamente, intervén o Concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño que dí que está de acordo en que se solucione o problema da porta, xa que as oficinas están abertas e vai frío.

Sometida a votación a dita moción, por UNANIMIDADE acordase cambiar a porta do Concello de Viveiro coas solucións que dian os técnicos.

9º.- DACION DE CONTA DE RESOLUCIONS DA ALCALDÍA



En cumprimento do artigo 42 do ROF, polo Sr. Alcalde-presidente dáse conta dos Decretos da Alcaldía, que poden examinarse nas dependencias de Secretaría, eo Pleno da Corporación dáse por enterado.

10º.- ROGOS E PREGUNTAS

O Concelleiro abaixo firmante, Guillermo Leal Arias, portavoz-representante do **GRUPO DE CONCELLEIROS NON ADSCRITOS NO CONCELLO DE VIVEIRO,**

“O Concelleiro abaixo firmante, Guillermo Leal Arias, portavoz-representante do GRUPO DE CONCELLEIROS NON ADSCRITOS NO CONCELLO DE VIVEIRO,

EXPÓN:

Que ao amparo do disposto no art. 35 da LEI DE PROCEDIMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN; no art. 77 da LEI REGULADORA DE BASES DE RÉXIME LOCAL, LEI 7/1985 de 2 de abril; no texto refundido das disposicións legais vigentes en materia de réxime local aprobado por R.D. 781 7 86, de 18 de abril e dos atrs. 14, 15 e 16 do reglamento de organización, funcionamento e réxime xurídico da entidades locais, aprobado por R.D. 2568/86, de 28 de novembro e demais normativa legal procedente e que resulte aplicable, realiza as seguintes:

PREGUNTAS

1.- No aparcamento subterráneo de Viveiro, existe unha máquina para lavar os vehículos que case sempre esta estropeada, perdéndose un boa fonte de ingresos, xa que son bastantes os usuarios que preguntan por ese servizo, que si estivese ben atendido podía ser moi aproveitado. Por elo preguntamos ¿vai-se arranxar asíña dita máquina e se vai poder volver ausar ese servizo bastante demandado polos usuarios do estacionamento?

Polo Sr. Sr.Alcalde contéstase que o proceso do aparcadoiro é que tamén se recepcionou comoa a piscina e agora as máquinas do aparcadoiro están estropadas, pero xa estamos nel e encargamos as pezas necesarias e hai que contar cun presuposto para proceder ao arranxo das mesmas.

2.- Dado que as obras de derrubamento do antigo cine Orfeo polo momento non se van executar, e vendo o lamentable estado e deterioro da acera fronte o citado cine e hotel que da a carretera xeral, e polo que preguntamos ¿está previsto arranxar en breve a acera que vai dende o limite da entrada o aparcamento subterráneo ata o edificio Neptuno?, si é así ¿Para cando?



Respecto á pregunta formulada, sinálase polo Sr. Alcalde que desde os servizos municipais, xa foi contestada en varias ocasións a mesma, pero volve a dicir que había unha proposta sobre o cine Orfeo, e ao longo do proceso, Costas iniciú un expediente de anulación da concesión cun informe favorable do Consello de Ministros. Agora este proxecto está vinculado á demolición.

3.- As obras dá ampliación da ponte de Feve en verxeles estaba previsto que comenzaran no mes de xaneiro. ¿Cando esta previsto o empezó de dita obra?

Por parte do Sr. Alcalde contéstase que respecto ás obras de ampliación da Ponte de Verxeles, xa foron iniciadas por FEVE, e que a parte de derrube é precisa é para facer as beirarruas.

4.- Fai pouco tempo sairon adxudicadas por parte da Consellería de Traballo da Xunta de Galicia as escolas obradoiro para este exercicio. A propia conselleira Sra. Mato, saía nos medios indicando que nos momentos actuais era prioritario ensinar os oficios sobre todo ós máis novos, e que cando remataban os cursos, o redor do 75 % atopaban traballo. Como todos xa sabemos para o concello de Viveiro non saeu ningunha. Por eso preguntamos o Sr. Alcalde ¿ dende o Concello fíxose algunha solicitude o respecto?, si e así ¿Cando?, e ¿Cal foi a resposta da administración autonómica?

A Escola obradoiro, dí o Alcalde, que non foi á convocatoria, xa que non está de acordo coas condicións; non podemos ter técnicos, administrativos, aprobar ter prácticas e por enriba pagalas; por iso non se solicitou, non me parece loado que en época de crises e recortes, se esixa que as prácticas sexan pagadas. Nos, non queremos que nos quiten a subvención por non cumprir as condicións.

5.- A carretera que vai ata campo de verdes dende nicolas cora quedouse en arreglar hay tempo no seu pavimento, e a esta data ainda esta sen reparar, ¿Cando se vai acometer diata obra?

Por parte do Sr. Alcalde contéstase que a estrada de Campo de Verdes xa se informou que está previsto 77.000 Euros en asfaltado, desde a Fonte da Rouca ata enriba.

ROGOS

1.- En varias ocasións informamos o equipo de gobernó dun gran bache, hoxe xa socabon nunha curva na carretera da silvarosa, na última perto das casas da mina, e díxosenos que fora a raíz de sacar madeira e que o maderista ía re-



paralo. A pesar do tempo transcurrido a esta data aínda está sen reparar co conseguinte perigo que pode ocasionar, por elo ROGAMOS se tomen as medidas oportunas e se proceda a reparación do citado socavón

Contesta o Sr. Alcalde que o maderista quedou de pagar e facelo, se fai caso omiso, temos retido o aval bancario e non se devolverá ata que deixe en perfecto estado as pistas que desfixo, por que se reclamará á empresa.

2.- Despois das obras de alcantarillado na zona da igrexa, sualavandeira, areal e a cabana na parroquia de Vieiro, en varias zonas da carretera principal e tamén nas que enlazan coa mesma, unha vez rellenada e alquitranada a zanja por donde van os tubos de dita obra, nesas zonas vanse fundindo quedando dita carretera a remendos e sendo perigosa para os vehículos que circulan nela, xa que o haber escalon é fácil cortar unha roda e perder o control do vehículo, Por elo ROGAMOS se fagan as pertinentes reclamacións as empresas que realizaron ditas obras para que subsanen estes defectos.

3.- Na subida da rúa da costa en Celeiro dende a rúa Lavanderías ata a carretera comarcal 642 existen varios baches que se non se reparan van ir a máis. ROGAMOS ao equipo de goberno tome as medidas oportunas para arranxar eses baches o antes posible."

Polo Sr. Alcalde constéstaselle que está arranxada.

"O Concelleiro abaixo firmante, Guillermo Leal Arias, portavoz-representante do GRUPO DE CONCELLEIROS NON ADSCRITOS NO CONCELLO DE VIVEIRO,
EXPÓN:

Que ao amparo do disposto no art. 35 da LEI DE PROCEDIMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN; no art. 77 da LEI REGULADORA DE BASES DE RÉXIME LOCAL, LEI 7/1985 de 2 de abril; no texto refundido das disposicións legais vigentes en materia de réxime local aprobado por R.D. 781 7 86, de 18 de abril e dos arts. 14, 15 e 16 do reglamento de organización, funcionamento e réxime xurídico da entidades locais, aprobado por R.D. 2568/86, de 28 de novembro e demais normativa legal procedente e que resulte aplicable, presentan o seguintes:

ROGOS:

1.- Entrando dende a carretera xeral en cantarrana á rúa Villa de Ortigueira, na marxen dereita hay un tramo de acera que ocupa soamente ata o remate do muro da primeira finca. Den ahí ata o seguinte cruce de rúas non hai acera, e sí baches que cando chove se convirten en grandes charcos, que fan imposi-



ble camiñar pola veira rúa, e así mesmo vehiculos aparcados a ámbolos lados, o que fai que os viandantes teñan que ir pola zona de rodadura. Na marxen esquerda tampouco hay acera. Despois do cruce sinalado en dirección ata a praia en ningun de ambos lados igualmente e así mesmo o alumeadado público deixa bastante que desexar.

Por todo esto o grupo de concelleiros non adscritos no concello de Viveiro ROGAMOS que se teña en conta que na proxima previsión de obras que se faiga, acometer as aceras así como o alumeadado de esa rúa dado o abandono en que se atopa.

Contesta o Sr. Alcalde que hai tramos de beirarruas en Covas que se lles indicou que procederan a realizar as beirarruas cando construían pero o alumeadado ata a época do verán vai ser imposible.

2- A acera da marxen dereita en dirección a Celeiro da Avda Ramón Canosa, no tramo dende os últimos edificios ata a depuradora esta chea de herbas, ROGAMOS se fagan as xestións oportunas para proceder a súa limpeza e acondicionamento.

Respecto a esta pregunta, sinálase polo Sr. Alcalde que segundo lle informan desde o servizo, as beirarruas da marxen dereita en dirección a Celeiro deixáronse para mais adiante.

3.- Por parte de este portavoz solicitouse en varias ocasións, tanto en pleno como o departamento de intervención e pasado polo rexistro xeral, a relación de provedores e de facturas pendentes de pago dos exercicios 2008 e 2009 así como o estado de execución de ditos presupostos, e que a esta data non se nos facilitou dita información. Por parte do Sr. Interventor municipal comunicouse que se tiña que pedir por carta expresamente, e así se fixo. Por elo volvemos a SOLICITAR, e ROGAMOS se nos facilite dita información, así como tamen do exercicio 2010, a maior brevidade.

O Sr. Alcalde resposta que a débeda extraxudicial e as facturas que ían a ser tratadas neste Pleno, se tratarán na vindeira sesión que se celebre.

4.- O igual que o pasado ano lembramoslle o equipo de goberno que ante a afluencia masiva de visitantes na Semana Santa a nosa cidade, que se realicen tódolos tramites e xestións necesarias para poder tapar os baches da parcela o pé de correos, para su utilización como aparcamiento nesas datas."

Respostase, polo Sr. Alcalde que no día de hoxe xa se están arranxando, aínda que non é do Concello.



Pola Concelleira, portavoz do Grupo Municipal do PP, Dona María do Carmen Gueimunde González, fai ao Sr. Alcalde as seguintes preguntas que, transcritas, literalmente, dín:

"El PP de Viveiro ha manifestado en diversas ocasiones su preocupación por la situación de los vecinos tanto de los desalojados como de los que todavía resisten en el barrio de O **Celeiriño**, y ha apoyado, como no podía ser de otra manera, al Gobierno municipal en la procura de ayuda a los afectados por el desastre. Pero si bien es cierto que una vez garantizada la seguridad y procedido a los realojos y pagos de alquileres y viviendas a costa del erario público, transcurridos tres años desde que ocurrió este desafortunado suceso es momento de conocer la situación actual y las previsiones futuras para el Barrio.

Ante esta situación el grupo Municipal Popular formula al Sr. Alcalde la siguientes preguntas:

1º.- ¿A cuánto asciende a día de hoy, el importe abonado por el Ayuntamiento en concepto de alquileres?.

2ª.- ¿A cuánto asciende a día de hoy el importe abonado por el Ayuntamiento en concepto de realojos, gastos varios, etc.?.

3ª.- ¿Se ha procedido por parte del Alcalde a la reclamación económica correspondiente a los gastos ocasionados a la empresa o empresas, aseguradoras, etc., al objeto de interrumpir la prescripción de la demanda? ¿Cuándo y cuántas veces?.

4º.- ¿Se ha procedido a realizar la correspondiente demanda judicial -- contra la empresa, empresas, aseguradoras, personas o a quien corresponda que ha provocado semejante desastre ¿En qué fecha?. Y si no se ha hecho ¿Por qué?.

5º.- ¿Para cuando está previsto que los vecinos desalojados y que no han sido indemnizados, vuelvan a sus viviendas?.

6º.- ¿Quién es el titular de las propiedades que han sido indemnizadas?."

Polo Sr. Alcalde se resposta, referente aos alquileres do Celeiriño que dí hai que pagar, pero que lle encanta oír estas afirmacións e hay que revisar as hemerotecas para saber o que levamos aguantando.

Nosoutros vamos a pedir responsabilidades e xa se fixeron todos os pasos para as reclamacións e nós xa nos reunimos cos veciños para que levaran a súa proposta de reclamación. Tamén lles brindamos os servizos xurídicos e facilitámoslles documentación, valoración de danos etc.

Remata dicindo, que xa é hora de que vaia ingresando a Xunta de Galicia para escriturar. Nestas propiedades o bipartito non só daba o diñeiro senon que se fixo responsable da defensa xudicial, pero chegou o actual Director Xeral de Vivenda e non quixo facerse cargo da defensa xudicial dos veciños.

A continuación, pola Concelleira do PP, Sra. Gueimunde González, fórmulanse, tamén, as seguintes preguntas que dín:



“Los **camino**s públicos han sido y vienen siendo motivo de discrepancia y litigio entre vecinos e incluso con implicación municipal, precisamente por su condición de públicos. Dado que este tipo de situaciones persiste en la actualidad, desde el Grupo Popular Municipal, deseamos conocer los siguientes extremos:

1ª.- ¿Cuántos expedientes tiene abiertos el Ayuntamiento por esta circunstancia y en que parroquias?.

2º.- ¿En qué situación administrativa o judicial se encuentran todos y cada uno de ellos?.

3º.- ¿Qué medidas definitivas o cautelares ha adoptado el Ayuntamiento al objeto de restituir el dominio público?.”

“En septiembre del 2007, el Pleno del Concello de Viveiro aprobaba la adhesión al “eixo atlántico” así como la aceptación de sus estatutos y el compromiso del pago anual de 18.000 euros.

Dada la escasa repercusión que la mencionada adhesión ha tenido para los intereses de los ciudadanos de Viveiro el Grupo Popular Municipal realizar al Sr. Alcalde la siguiente pregunta:

1º.- ¿Qué actividades se han desarrollado desde nuestra adhesión en base a este proyecto?.”

“

- En múltiples ocasiones se ha solicitado al Sr. Alcalde el detalle de gastos de las Fiestas Patronales y Naseiro. Sin embargo, a día de hoy y después de dos legislaturas sin dar ningún tipo de explicación al respecto, las cuentas, que no son pequeñas siguen sin presentarse. Como se supone que no hay nada que ocultar al respecto no debería de existir ningún motivo que impidiese conocer dónde han ido a parar más de 500 millones de pesetas, alrededor de 3 millones de euros, cuyo destino no se ha justificado. Por ello formulamos al Sr. Alcalde las siguientes preguntas:

1ª.- ¿Por qué no se ha procedido por parte del alcalde a facilitar, tal y como marcan los cánones de la transparencia, las cuentas de las **Fiestas Patronales y de Naseiro** durante casi dos legislaturas en el municipio de Viveiro?

2ª.- ¿Considera transparente una gestión que ni presenta ni presupuestos, ni cuentas de las Fiestas, ni cumple con los mínimos re-



quisitos legales como son notificarlas al Consello de Contas de Galicia y al Tribunal de Cuantías del estado?."

Polo Sr. Alcalde se lle contesta que na próxima sesión plenaria dará resposta ás mesmas.

E non habendo mais asuntos de que tratar, levántase a sesión sendo as vinte e tres horas e trinta minutos do día con que se encabeza esta acta, do que eu Secretaria acctal dou fe.

Vº. e Prace
O ALCALDE,

O SECRETARIO,